




CES
GALICIA
Consello Económico e Social de Galicia

1

informe anual

MEMORIA DE ACTIVIDADES



2019

índice

- I.- Carta do presidente
- II.- Natureza, finalidade e funcións do Consello Económico e Social de Galicia.
- III.- Competencias e procedemento externo
- IV.- Composición e estrutura
- V.- Órganos do CES-Galicia
- VI.- Os procedementos internos
- VII.- Organigrama técnico-administrativo
- VIII.- Actuacións dos órganos colexiados
- IX.- Traballos abordados polo CES-Galicia en 1999
- X.- Actividade institucional
- XI.- Actividade administrativa
- XII.- Previsións para o 2000

carta do presidente

A publicación da presente Memoria vai a coincidir coa finalización da primeira etapa do Consello Económico e Social de Galicia, tralos seus catro primeiros anos de funcionamento; e aínda que o seu contido garda relación co acontecido nun período temporal concreto, parece inevitable formular algunha apreciación sobre o seu labor dentro do marco institucional galego ó longo deses catro anos.

Tra-las dificultades propias da posta en marcha de toda entidade de nova creación que inicia a súa singradura sen claros precedentes, pode afirmarse que o Consello Económico e Social de Galicia acadou ó longo do pasado ano 1999 un importante nivel de efectividade no cumprimento das funcións que a Lei de creación lle asignara, polo importante esforzo empregado, polo crecente discorrer da confrontación de intereses sobre datos da realidade precisos e verificables e, en definitiva, polas altas cotas de responsabilidade na expresión dos seus pareceres.

A Lei de creación do Consello propúxose explicitamente garanti-la súa independencia na formación e emisión dos seus criterios. Independencia, tal e como se expresa no seu Preámbulo, con respecto ó Goberno, que este soubo respectar sabedor da súa configuración como órgano consultivo; pero independencia que debería tamén ser entendida

como ausencia de cortapisas para que os axentes sociais se puideran manifestar con liberdade na defensa dos seus específicos intereses.

Se un dos presupostos da acción política ten que se-lo coñecemento da realidade sobre a que se vai actuar, as consideracións xurdidas neste foro de debate que é o Consello non foron outra cousa que puntos de vista responsables sobre a dita realidade. Naturalmente, discutibles. Probablemente, críticos. En todo caso, necesarios para facer realidade a finalidade asignada ó Consello no art. 2 da súa Lei de creación de “facer efectiva a participación dos axentes económicos e sociais na política socio-económica de Galicia”.

natureza, finalidade e funcións

Por Lei 6/1995, do 28 de xuño, se crea na Comunidade Autónoma Galega o Consello Económico e Social, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución española e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia. O obxecto do novo organismo é facilita-la participación do tódolos galegos na vida política, económica, social e cultural e atende-la aspiración dos axentes económicos e sociais de que as súas opinións e propostas podan ser tidas en conta no proceso de adopción de decisións por parte da Xunta de Galicia.

Na medida que se trata do único órgano onde está representado un amplo número de organizacións socio-profesionais, entidades e asociacións de todo tipo, o CES configúrase como foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia para o exercicio da función consultiva, non só sobre a actividade normativa da Xunta de Galicia en materias de especial transcendencia económico-social, senon tamén para a elaboración de informes, estudos o propostas encamiñadas a unha eventual introducción de reformas no ordenamento vixente. Precisamente por iso, o art. 5º da súa Lei de creación o define como “ente institucional de dereito público consultivo da Xunta de Galicia en materia económica e social” coa finalidade (art. 2º) de “facer efectiva a participación dos axentes económicos e sociais na política socioeconómica de Galicia”.

Para o cumprimento destes obxectivos, o CES-Galicia ten asignadas (art. 5º e Disposición Adicional 2ª) diversas

funcións, que se concretan nas seguintes:

A • Emitir **dictames** (a solicitude preceptiva ou facultativa) sobre proxectos de disposicións normativas e plans xerais ou sectoriais.

1.- Dictames de solicitude **preceptiva** (art. 5º Lei de creación). Califícanse como tales os que versen sobre:

1.1.- Anteprojectos de lei e proxectos de decretos legislativos que regulen materias socio-económicas directamente vinculadas ó desenvolvemento económico e social de Galicia (a norma contempla unha única excepción: o proxecto de lei de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma).

1.2.- Plans xerais ou sectoriais que teñan relación cos indicados campos.

1.3.- Anteprojectos de lei ou proxectos de disposicións administrativas que afecten á organización, competencias ou funcionamento do propio CES.

1.4.- Materias que teñan que ser consultadas ó CES por precepto expreso dunha lei.

2.- Dictames de solicitude **facultativa** (art. 5º 1.2. da Lei de creación). Son os referentes a asuntos ou materias (non comprendidos no anterior apartado) que sexan sometidos a consulta polo Consello da Xunta de Galicia ou polos seus membros. Aínda que a normativa do CES-Galicia non o especifique expresamente, a materia obxecto de dictame ten que moverse tamén nese ámbito obxectivo do económico-social que dá sentido ó Consello. Todo parece

dar a entender que obxecto directo do Dictame solicitado debe ser un proxecto de disposición normativa (Decreto, Orden), porque para a solicitude de pronunciamentos do CES-Galicia sobre outros temas ábrese na Lei de creación a vía da solicitude de informes ou estudos (art. 5º.2).

A decisión de remitir ou non a consulta o proxecto de disposición administrativa corresponde adóptala á conselleira correspondente (ou o propio Consello da Xunta) en función da especial transcendencia económico-social do contido da disposición.

B• Elaborar **estudios** ou **informes** sobre reformas na normativa vixente ou sobre a elaboración de plans e programas para favorece-lo desenvolvemento económico e social de Galicia.

Estes traballos poden ser elaborados por propia iniciativa ou a solicitude da Xunta de Galicia e deberán versar “sobre as reformas na normativa vixente que se estimen necesarias para favorece-lo desenvolvemento económico e social de Galicia ou sobre a elaboración de plans e programas dirixidos á mesma finalidade”.

C• Dar a coñecer ó Goberno galego a súa **opinión** sobre a execución dos **plans** e **programas** de especial transcendencia para o desenvolvemento económico e social de Galicia, a través da emisión de **opinións-recomendacións** (art.5º 2 e 3). Ademais, o Consello pode, con ocasión da elaboración da súa Memoria sobre a situación económica e social de cada ano, plantexar recomendacións ou orientacións sobre a política presupostaria da Xunta.

D• Participar en **mesas sectoriais** xunto con representantes da Administración autonómica para debater problemas específicos que afecten a sectores estratéxicos de Galicia e definir posibles liñas de actuación (Disposición Adicional Segunda). O CES-Galicia poderá propoñer á Xunta de Galicia a convocatoria de Mesas Sectoriais nas que participen non só as organizacións representadas no mesmo, senón tamén a Administración autónoma, ó obxecto de debater problemas específicos que afecten a sectores estratéxicos de Galicia, a fin de defini-las posibles liñas de actuación. Estas mesas sectorias son tamén o instrumento para evacuar los informes requeridos pola normativa da Unión Europea.

E• Elaborar e remitir anualmente ó Consello da Xunta unha **Memoria sobre a situación socioeconómica**, incluíndo, no seu caso, recomendacións ou orientacións sobre a política presupostaria (art. 5º 3). A normativa do Consello especifica que debe remitirse anualmente á Xunta unha memoria sobre a situación económica e social en Galicia. O seu obxectivo é informar dos datos máis relevantes que configuran a realidade socioeconómica de Galicia no ano anterior á súa publicación.

Three vertical bars of varying heights and shades of blue and grey, positioned behind the title text.

competencias e procedemento externo

O ámbito obxectivo para o exercicio das funcións atribuídas ó Consello Económico e Social de Galicia, é dicir, as **competencias** do CES, son as materias socioeconómicas directamente vinculadas ó desenvolvemento económico e social de Galicia.

Segundo o acordo tomado polo Consello da Xunta na súa reunión do día 18 de febreiro deste ano, “enténdese por materias socioeconómicas as relativas a economía, fiscalidade, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, industria e enerxía, vivenda e mercado único europeo”.

O **procedemento** para que o Goberno galego solicite a actuación do CES foi definido tamén polo Consello da Xunta na devandita sesión, nos seguintes termos:

“1.- Correspóndelle ó Presidente da Xunta solicitar do Consello Económico e Social de Galicia a emisión de dictames ou informes sobre anteproxectos de lei, proxectos de decretos lexislativos e plans xerais ou sectoriais a que se refire o artigo 5.1.1. da Lei 6/1995, do 28 de xuño, así como aqueloutros dos que a solicitude teña carácter preceptivo.

2.- Os departamentos ou consellerías con competencias para a elaboración dos anteproxectos, proxectos e plans sinalados no apartado 1 deste acordo, cando fose preceptivo o informe do Consello Económico e Social de Galicia,

de acordo coa súa lei de creación, interesarano do presidente da Xunta.

A petición de dictames irá acompañada de toda a documentación necesaria para se poder pronunciar.

3.- Cando os departamentos ou consellerías competentes estimen que os anteproxectos, proxectos ou plans a que se refire o punto 1 deste acordo non requiren dictame preceptivo do CES-Galicia, xustificarán o dito extremo mediante a incorporación ó expediente dunha memoria, asinada polo secretario xeral, na que se precisen as razóns polas que non se considera preceptivo o dictame, salvo no caso de que este finalmente se interese.”

Cómpre destacar que a existencia na Comunidade Autónoma do Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL) –a súa existencia e ámbito de actuación ven respetada pola propia lei de creación do CES-Galicia na Disposición Derradeira Primeira– permite excluír do ámbito de competencias do CES as cuestións relativas ás relacións laborais, *strictu sensu*, xa que a competencia para informar ou dictaminar sobre a actividade normativa na que se concreta a política laboral da Xunta ven atribuída, pola súa lei de creación, o devandito Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL). Este ámbito queda, polo tanto, fóra da actividade do CES e na súa “Memoria” anual, por exemplo, só recolle os datos ofrecidos polo CGRL.

IV

composición e estrutura

Para o cumprimento dos seus fins e funcións, a lei configura a composición e estrutura do Consello Económico e Social de Galicia en grupos, nos que están representadas as organizacións, entidades e asociacións máis destacadas do ámbito económico e social da comunidade.

1.- Composición do Consello Económico e Social de Galicia

O CES-Galicia está formado por 35 membros, incluídos o seu presidente e mailo secretario xeral. Os outros 33 membros distribúíñse en **tres grupos**:

- Grupo 1: Os seus once membros son designados polas organizacións sindicais máis representativas segundo os resultados das eleccións sindicais. No Consello séntanse 4 membros do Sindicato Nacional CC.OO. de Galicia, 4 membros do sindicato UGT-Galicia e 3 da Confederación Intersindical Galega (CIG)

- Grupo 2: Os once membros do Consello encadrados neste grupo representan ás organizacións empresariais e son designados pola Confederación de Empresarios de Galicia.

- Grupo 3: Neste grupo agrúpanse as diversas entida-

des e asociacións cidadáns, culturais e socioeconómicas máis representativas da realidade económica e social de Galicia. O grupo compóñeno 4 membros do sector agrario; 2, do sector marítimo pesqueiro (un da pesca de baixura e outro, da de altura); 2 representantes dos consumidores e usuarios; e 3 das Universidades de Galicia.

Cada un destes 33 membros, que son designados polas organizacións, entidades ou asociacións ás que pertencen, ten un suplente para cubri-las súas posibles ausencias ás reunións do Pleno. Cada membro do Consello, agás o secretario xeral, ten un voto persoal e únicamente delegable no seu suplente.

O mandato dos membros do CES é de catro anos, renovables por períodos iguais. No transcurso do mesmo, os membros poderán ser substituídos polas entidades, organizacións ou asociacións que os designasen. Neste caso, o novo membro permanecerá no cargo ata o final de período previsto para o seu antecesor.

Os membros do CES teñen dereito a participaren con voz e voto nas sesións do Pleno e das comisións das que formen parte; asistiren a calquera das comisións sectoriais e expresaren a súa opinión -previa autorización do seu presidente-; dispoñeren da documentación do Consello e de acceso ós traballos desenvolvidos por calquera dos órganos colexiados; presentaren mocións, suxerencias, textos alternativos e enmendas para a súa consideración e deixaren constancia dos seus votos particulares ós acordos adoptados.

No canto dos deberes, os membros do Consello teñen que asistiren ás sesións do Pleno e das comisións ás que

pertenzan e participaren nos seus traballos; gardaren reserva sobre as actuacións do Consello cando así o decidan os seus órganos e non faceren uso da condición de membro para exercer actividades privadas de carácter mercantil ou profesional.

2.- Membros titulares do Consello Económico e Social de Galicia a 31.12.1999.

Presidente: • Luis Suárez-Llanos Gómez

Secretario xeral: • Carlos Monclús Diez de Ulzurrun

Grupo 1.- Organización sindicais

Sindicato Nacional CC.OO. de Galicia

- Fco. Javier Montero Dongil
- Marijé Díaz Sánchez
- Xosé Manuel Lago Peñas
- Eduardo Fernández Pérez

Sindicato UGT-Galicia

- Manuel Golpe Gómez
- Ignacio Pérez Calzado
- Delia Irene Martínez Conde
- José Carlos Rodríguez del Río

CIG (Confederación Intersindical Galega)

- Manuel Mera Sánchez
- M^a Natividad López Gromaz
- Ramiro Oubiña Parracho

Grupo 2.- Organizacións empresariais

Confederación de Empresarios de Galicia

- Alfonso Varela Vázquez
- Antonio Martínez Vázquez
- Fco. Javier García Ruíz
- José M^a López Bourio
- José P. Rodríguez-Mantiñán Martínez
- Manuel Caeiro Varela
- Juan José Molinos Casal
- Manuel Sánchez Aguirre
- Medardo Arias Prieto
- Rafael Sánchez Sostre
- Ricardo Fernández Castro

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións

Asociación Agraria Xóvenes Agricultores

- Ricardo García-Borregón Millán

Sindicato Labrego Galego

- María Lidia Senra Rodríguez

Unión Sindical Agraria de Galicia

- Leandro Quintas Saavedra

Unións Agrarias de Galicia

- Roberto García González

Cofradías de Pescadores de Galicia

-
- Manuel Pazos Vázquez

Consello Galego de Consumidores e Usuarios

- Begoña Bonet Díez
- Otilia Novegil Villanueva

Universidade de Santiago

- Manuel Castro Cotón

Universidade da Coruña

- Juan Jesús Fernández Caínzos

Universidade de Vigo

- Mariano Pérez-Martínez y Pérez-Amor

Cada dun destes membros titulares do Consello ten un suplente, que é o encargado de acudir ás sesións do Pleno en caso de ausencia do titular. O voto de cada un dos membros do Consello só é delegable no seu suplente. Na seguinte relación cítanse na mesma orde dos titulares.

Membros suplentes

Grupo 1.- Organizacións sindicais

Sindicato Nacional CC.OO. de Galicia

- Maica Bouza Seoane
- Luis Alba Álvarez
- Eusebio Justo Santos
- Rafael Sánchez-Fernández García

Sindicato UGT-Galicia

- Mar Alfonsín Madrigal
- José Tomé Roca
- Rosa Arcos Caamaño
- Eusebio Oreona Martínez

CIG (Confederación Intersindical Galega)

- Luís Burgos Díaz
- Alfonso Tellado Sande
- Antolín Alcántara Álvarez

Grupo 2.- Organizacións empresariais

Confederación de Empresarios de Galicia

- Francisco Area Gil
- Cristina Sanz Arias
- Marina Graña Bermúdez
- Lourdes Pardo Rodríguez
- Julio de Santiago Boullón
- José Antonio Neira Cortés
- M^a José Fernández Robledo
- Sonia M^a Fernández Barciela
- Angel Fernández Presas
- Fausto Santamarina Fernández
- M^a Esther Pereiras Neira

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións

Asociación Agraria Xóvenes Agricultores

- Manuel D. Fontela Ríos

Sindicato Labrego Galego

- Manuel Dacal Vázquez

Unión Sindical Agraria de Galicia

- Enrique Martelo Villaverde

Unións Agrarias de Galicia

- Pedro González Boquete

Cofradías de Pescadores de Galicia

- Jesús Ramón Longueira Suárez
- José Roca Dopico

Consello Galego de Consumidores e Usuarios

- Lourdes González Pérez
- María Josefa Neira

Universidade de Santiago de Compostela
 • Aureliano García González-Llanos
 Universidade da Coruña
 • Jesús Martínez Girón
 Universidade de Vigo
 • Alberto Gago Rodríguez

3.- Cambios de membros do Consello en 1999

No ano 1999 producíronse varios trocos nas representacións propostas polas entidades no Pleno do Consello Económico e Social de Galicia. De seguido relaciónanse os nomeamentos e cesamentos, sempre a proposta das propias entidades, cos seus correspondentes decretos segundo a súa data de publicación no Diario Oficial de Galicia:

- Decreto 52/1999, do 4 de marzo, polo que se dispón o cesamento de José María López Bourio como membro titular do Consello Económico e Social e de Lourdes Pardo Rodríguez como membros suplente do CES, de acordo coa proposta da Confederación de Empresarios de Galicia.

- Decreto 53/1999, do 4 de marzo, polo que se nomea a Eduardo Jiménez Domínguez como membro titular do Consello Económico e Social e a Pablo Rancaño Otero como membro suplente do CES, de acordo coa proposta da Confederación de Empresarios de Galicia.

- Decreto 97/1999, do 19 de abril, polo que se dispón que cesen, de acordo coa proposta do Consello Galego de Consumidores e Usuarios, como membros titulares do Consello Económico e Social de Galicia Begoña Bonet Díez e Elvira Espada Barros, e como membros suplentes das

anteriores Lourdes González Pérez e Teresa Solla Anta, en representación do Consello Galego de Consumo.

- Decreto 98/1999, do 19 de abril, polo que se dispón o nomeamento, de acordo coa proposta formulada polo Consello Galego de Consumidores e Usuarios, membros titulares do Consello Económico e Social de Galicia a Begoña Bonet Díez e Aurora Lamas López; e membros suplentes das anteriores a Lourdes González Pérez e Otilia Novegil Villanueva, respectivamente.

Con data 29 de outubro, o Pleno do Consello Galego de Consumidores e Usuarios acordou nomear representante no CES a Otilia Novegil Villanueva en substitución de Aurora Lamas López, y como suplente a María Josefa Neira. Estes cambios aínda non foron publicados no DOG porque, a piques de remata-lo prazo de catro anos do mandato dos membros do CES, en breve publicarase a relación completa dos membros para un novo “mandato” de catro anos.

A large, light blue, stylized letter 'V' that serves as a background for the section header.

órganos

Para o cumprimento das súas funcións e para a participación efectiva dos seus membros nos traballos do Consello, o CES-Galicia actúa a través de dous tipos de órganos:

- Órganos colexiados: o Pleno, a Comisión Permanente e as Comisións Sectoriais.
- Órganos unipersonais: o Presidente e o Secretario xeral.

Como órgano de apoio o Consello existe o Gabinete Técnico, integrado por expertos en materias socioeconómicas e que actúa baixo a presidencia do Secretario Xeral.

• O Pleno

O órgano de goberno do Consello Económico e Social é o Pleno, composto polos 33 membros representantes das forzas económicas e sociais, o secretario xeral e mailo presidente. Tódolos membros teñen dereito a voto nas sesións, agás o secretario. O máximo órgano do CES reúnese con carácter ordinario cada tres meses (un mínimo de catro veces no ano) e, de xeito extraordinario, sempre que sexa convocado polo presidente ou por acordo da Comisión Permanente. Noutro apartado desta memoria desglósase á actividade do Pleno ó longo deste ano de actividade.

O Pleno adopta os seus acordos por maioría simple de votos. Os casos de posible empate resólvense polo voto de calidade do presidente.

Este órgano é o encargado de establece-las liñas xerais da actuación do Consello, aproba-los estudos, informes ou dictames por propia iniciativa ou a petición da Xunta de Galicia, acorda-la elaboración de estudos ou informes que podan favorecer o desenvolvemento socio-económico de Galicia e aproba-la memoria sobre a situación económica e social en Galicia. Nas vindeiras páxinas atópase un resumo das actividades do Pleno neste senso.

Ademais, o Pleno do CES aproba a proposta de anteprojecto de orzamento e adopta tódolos acordos necesarios para a correcta organización e funcionamento interno.

• A Comisión Permanente

A Comisión Permanente é o órgano colexiado colaborador do Pleno no goberno do Consello. Está composta polo presidente, o secretario xeral e nove membros titulares do CES, a razón de tres representantes da cada un dos grupos do mesmo, para mante-la proporcionalidade da súa representación.

A Comisión Permanente reúnese sempre que é convocada polo presidente, pero tamén por solicitude de, alomenos, tres dos seus membros. É a Comisión a encargada de convoca-lo Pleno e fixar, xunto co presidente, a correspondente orde do día.

Entre as súas funcións, destaca a supervisión das actividades do Consello e a coordinación dos traballos das dife-

rentes comisións, así como efectua-lo seguimento dos dictames, estudos ou informes emitidos polo CES e darlle conta dos mesmos ó Pleno a través do presidente. En xeral, a Comisión Permanente eleva ó Pleno canto estima necesario para o mellor funcionamento do Consello.

A **Comisión Permanente** esta integrada polos seguintes **membros** (a 31.12.1999):

Presidente: • Luis Suárez-Llanos Gómez
Secretario: • Carlos Monclús Díez de Ulzurrun

Grupo 1.- Organizacións sindicais

Sindicato Nacional CC.OO. de Galicia
• Fco. Javier Montero Dongil
Sindicato UGT-Galicia
• Manuel Golpe Gómez
CIG (Confederación Intersindical Galega)
• Ramiro Oubiña Parracho

Grupo 2.- Organizacións empresariais

Confederación de Empresarios de Galicia
• Rafael Sánchez Sostre
• Juan José Molinos Casal
• Ricardo Fernández Castro

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións

Unión Sindical Agraria de Galicia
• Leandro Quintas Saavedra
Consello Galego de Consumidores e Usuarios
• Begoña Bonet Díez
Universidade de Vigo
• Mariano Pérez-Martínez y Pérez-Amor

Suplentes da CP

Grupo 1.- Organizacións sindicais

Sindicato Nacional CC.OO. de Galicia

- Marijé Díaz Sánchez

Sindicato UGT-Galicia

- Mar Alfonsín Madrigal

CIG (Confederación Intersindical Galega)

- Natividad López Gromaz

Grupo 2.- Organizacións empresariais

Confederación de Empresarios de Galicia

- Fausto Santamarina Fernández
- Francisco Javier García Ruíz
- Medardo Arias Prieto

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións

Unión Sindical Agraria de Galicia

- Enrique Martelo Villaverde

Consello Galego de Consumidores e Usuarios

- Elvira Espada Barros

Universidade de Vigo

- Manuel Castro Cotón

As Comisións Sectoriais

As comisións sectoriais son grupos de traballo que teñen adscritas as tarefas cotiás do Consello. En xeral, os traballos do CES están repartidos en catro comisións sectoriais, cada unha delas composta por nove membros, tres por cada un dos grupos representados no Consello. Estas catro comisións sectoriais teñen carácter permanente.

A **Comisión Sectorial 1**, denominada *Economía, emprego e desenvolvemento territorial*, é a encargada de aborda-los asuntos de índole preferentemente económica e de desenvolvemento de Galicia.

A **Comisión Sectorial 2**, *Calidade de vida e protección social*, faise cargo dos estudos ou informes que inciden de xeito primordial nos aspectos sociais da realidade galega.

A **Comisión Sectorial 3**, *Unión Europea*, centra a súa actividade nos retos, tanto económicos como sociais, que a pertenza de Galicia á Unión Europea plantexa á comunidade.

A **Comisión Sectorial 4**, *Memoria sobre a situación socioeconómica*, ten como misión redactar un informe global sobre o estado da economía e a sociedade de Galicia desde unha óptica xeralizadora.

De seguido relaciónase a composición destas comisións sectoriais, con tódolos seus membros organizados por grupos e polas entidades ás que representan.

Membros da Comisión Sectorial nº 1, *Economía, emprego e desenvolvemento territorial* a 31.12.1999.

Grupo 1.- Organizacións sindicais

Sindicato Nacional CC.OO. de Galicia

- Xosé Manuel Lago Peñas

Sindicato UGT-Galicia

- Ignacio Pérez Calzado

CIG (Confederación Intersindical Galega)

- Ramiro Oubiña Parracho

Grupo 2.- Organizacións empresariais

Confederación de Empresarios de Galicia

- José P. Rodríguez-Mantiñán Martínez
- Ricardo Fernández Castro
- Antonio Martínez Vázquez

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións

Unión Sindical Agraria de Galicia

- Leandro Quintas Saavedra

Consello Galego de Consumidores e Usuarios

- Begoña Bonet Díez

Cofradías de Pescadores de Galicia

- Jesús Ramón Longueira Suárez

Membros da Comisión Sectorial nº 2, Calidade de vida e protección social, a 31.12.1999.

Grupo 1.- Organizacións sindicais

Sindicato Nacional CC.OO. de Galicia

- Marijé Díaz Sánchez

Sindicato UGT-Galicia

- Delia Irene Martínez Conde

CIG (Confederación Intersindical Galega)

- Ramiro Oubiña Parracho

Grupo 2.- Organizacións empresariais

Confederación de Empresarios de Galicia

- Antonio Martínez Vázquez
- Medardo Arias Prieto
- Manuel Caeiro Varela

Grupo 3.- Outras organizacións e asociacións
Sindicato Labrego Galego
• María Lidia Senra Rodríguez
Consello Galego de Consumidores e Usuarios
• Otilia Novegil Villanueva
Universidade da Coruña
• Juan Jesús Fernández Caínzos

Membros da Comisión Sectorial nº 3, Unión Europea, a 31.12.1999.

Grupo 1.- Organizacións sindicais
Sindicato Nacional CC.OO. de Galicia
• Eduardo Fernández Pérez
Sindicato UGT-Galicia
• José Carlos Rodríguez del Río
CIG (Confederación Intersindical Galega)
• Manuel Mera Sánchez

Grupo 2.- Organizacións empresariais
Confederación de Empresarios de Galicia
• Manuel Sánchez Aguirre
• Rafael Sánchez Sostre
• Eduardo Jiménez Domínguez

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións
Unións Agrarias de Galicia
• Roberto García González
Cofradías de Pescadores de Galicia
• Manuel Pazos Vázquez
Universidade de Santiago
• Manuel Castro Cotón

Membros da Comisión Sectorial nº 4, Memoria socioeconómica de Galicia, a 31.12.1999.

Grupo 1.- Organizacións sindicais

Sindicato Nacional CC.OO. de Galicia

- Fco. Javier Montero Dongil

Sindicato UGT-Galicia

- Manuel Golpe Gómez

CIG (Confederación Intersindical Galega)

- M^a Natividad López Gromaz

Grupo 2.- Organizacións empresariais

Confederación de Empresarios de Galicia

- Juan José Molinos Casal
- Fco. Javier García Ruíz
- Alfonso Varela Vázquez

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións

Asociación Agraria Xóvenes Agricultores

- Ricardo García-Borregón Millán

Consello Galego de Consumidores e Usuarios

- Otilia Novegil Villanueva

Universidade de Vigo

- Mariano Pérez-Martínez y Pérez-Amor

O Presidente

O presidente do CES é nombrado, para un período de catro anos, polo presidente da Xunta de Galicia, por proposta conxunta dos conselleiros de Economía e Facenda e de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, despois de consultar ás entidades, organizacións e asociacións representadas no Consello.

As competencias específicas atribuídas ó presidente pola normativa do Consello son, entre outras, as seguintes:

- Representa-lo Consello e dirixi-las súas actuacións, en colaboración coa Comisión Permanente.

- Dirixi-los debates dos órganos colexiados que presida, dar por concluídos estes cando considere que a deliberación foi suficiente, someter a votación as propostas correspondentes e proclama-los resultados delas.

- Dirimi-los eventuais empates co seu voto de calidade.

- Trasladar ás comisións sectorias correspondentes as solicitudes de dictames, estudos ou informes recibidas e face-lo seguimento do procedemento establecido para a súa elaboración e posterior aprobación polo órgano competente.

- Visa-las actas, ordena-la publicación dos acordos e dispoñe-lo necesario para o seu cumprimento.

- Remiti-los dictames, informes ou estudos á Xunta de Galicia e os conselleiros.

- Executa-los acordos do Pleno e máis a Comisión Permanente e velar polo bo funcionamento do Consello.

O Secretario Xeral

O secretario xeral é o órgano de asistencia técnica e administrativa do Consello e o depositario da fe pública dos seus acordos. É nomeado polo Consello da Xunta de Galicia,

por proposta conxunta dos conselleiros de Economía e Facenda e de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, entre funcionarios do grupo A, despois de consulta-las entidades, organizacións e asociacións representadas no CES.

Entre outras, corresponden ó secretario xeral as seguintes competencias específicas:

- Exerce-la dirección administrativa e técnica dos distintos servicios do Consello e velar por que os seus órganos actúen conforme ós principios xerais que informan as actuacións das administracións públicas.

- Redacta-las actas das sesións, as que asiste con voz pero sin voto, autoriza-las coa súa sinatura e da-lo curso correspondente ós acordos que se adopten.

- O secretario xeral exerce a xefatura do persoal do Consello, a dirección do Gabinete Técnico e é o depositario dos fondos do CES, formula as propostas de gasto e libra os pagamentos autorizados.

O Gabinete Técnico

O Gabinete Técnico é o órgano de apoio ó Consello e actúa baixo a dirección do secretario xeral. Como órgano colexiado, estará composto por un máximo de catro membros, reconocidos expertos nas materias obxecto dos traballos do CES. Neste momento, o Gabinete conta cun experto economista que está a traballar na Memoria e mais nos informes que elabora o Consello. Asimesmo, abriouse un novo proceso selectivo para incorporar outro experto a este órgano.

VI

procedementos internos

Cada un dos traballos que aborda o Consello Económico e Social de Galicia ten o seu propio procedemento de elaboración. Nos dictames por solicitude da Xunta, o procedemento iníciase, unha vez recibida a petición, coa remisión da mesma por parte do presidente do Consello ó presidente da comisión sectorial competente segundo o asunto de que se trate. Á vez, notifícase esa remisión ós membros da Comisión Permanente.

Unha vez recibido o encargo, no que se fixan tamén os prazos máximos para o remate do traballo, a comisión sectorial organiza o seu labor do xeito que considera máis oportuno, sempre contando co apoio dos servizos técnicos do Consello, en particular do Centro de Documentación e do Gabinete Técnico. Se se estima necesario, pode contar co asesoramento de expertos externos.

Unha vez rematado o traballo e redactado o dictame, informe ou estudio, entrégaselle ó presidente do CES, que é o encargado de envialo á Comisión Permanente para o seu estudo e aprobación como paso previo á convocatoria do Pleno. Nalgún caso, e previa delegación do Pleno, a propia Comisión Permanente pódese encargar da aprobación final dalgún dos traballos do Consello.


No caso de que a aprobación corresponda ó Pleno, a Comisión Permanente limitarase a coñecer-lo texto remitido

pola comisión sectorial e convoca-la celebración da sesión plenaria. Antes da data sinalada, os membros do Consello poden presentar as enmendas que estimen oportunas ó texto proposto. Se se trata de enmendas totais, éstas deben ir acompañadas dun texto alternativo.

O Pleno debate o texto elaborado pola comisión sectorial e máis as posibles enmendas, que, sometidas a votación, son incorporadas ou non. Finalizado o debate, o texto final sométese tamén a votación para a súa aprobación. Se non se acadara unha maioría suficiente, o texto podería volver a remitirse á comisión sectorial para a súa remodelación segundo os parámetros expresados na sesión. Se, polo contrario, a maioría dos membros do Pleno vota a favor do texto, o procedemento remata coa inclusión do resultado e os posibles votos particulares na resolución aprobatoria e a remisión do texto final á Xunta de Galicia.

organigrama técnico-administrativo

O personal ó servizo do Consello agrúpase en catro grandes áreas de actividade: o Gabinete da Presidencia, o Gabinete Técnico, o Departamento de Xestión e mailo Centro de Documentación e apoio ó Consello (no que se inclúe a Administración da rede informática).



O **Gabinete da Presidencia** asume as funcións de coordinación interna das tarefas do personal laboral propio do Consello e tamén as relacións externas e de comunicación do organismo. Dunha banda, este departamento é o encargado, baixo a dependencia do secretario xeral, do seguimento do proceso dos procedementos que ten en marcha o Consello e o cumprimento dos prazos establecidos pola lei para o seu remate. As relacións cos membros do Consello son parte fundamental do labor diario. Por outra banda, o gabinete é o responsable das relacións externas, das relacións cos medios de comunicación e das publicacións do CES.

O gabinete asume tamén as funcións de coordinación das publicacións institucionais do Consello, entre elas a presente memoria e os dictames emitidos polo CES.

O **Gabinete Técnico** é o encargado da elaboración dos traballos preliminares para a redacción dos informes do Consello, cunha descrición e análise pormenorizada do obxecto do estudo. A súa función é trata-las referencias estatísticas que se consideren pertinentes para o traballo, analízalas e preparar unha proposta da parte descriptiva do informe para a súa posterior avaliación por parte das Comisións Sectoriais.

O seu labor céntrase principalmente na redacción da memoria anual sobre a situación económica e social de Galicia, agás as correspondentes consideracións, que son aportadas polos distintos membros da comisión sectorial competente.

O **Departamento de Xestión** encárgase de tódalas funcións de xestión presupostaria e contable, da contrata-

ción de servicios e suministros, do seguimento das obras, reformas e mantemento das instalacións e, dun xeito destacado, da xestión de recursos humanos do organismo.

O Centro de Documentación e apoio ó Consello é unha das piezas claves para o correcto e máis eficiente funcionamento do CES. A súa función é facilitar ós membros do Consello e ó Gabinete Técnico tódolos materiais bibliográficos e documentais que podan necesitar para as súas reunións e para unha axeitada toma de decisións.

O Centro de Documentación é o encargado de proporcionar ás Comisións Sectoriais, á Permanente e, no seu caso, ó Pleno do CES tódolos datos que precisen para a correcta elaboración dos seus traballos. Ter a disposición dos membros do Consello tódolos fondos e recursos documentais, en calquera lugar no que se atopen, na máis ampla gama de soportes e xestionar eses fondos dunha maneira rápida e áxil é o fin último do Centro de Documentación do CES-Galicia.

O Centro de Documentación e Apoio ó Consello ofrece información especializada na área socioeconómica ós membros do CES-Galicia e ó persoal técnico deste. Constitúese como un soporte informativo-documental para a elaboración dos informes, dictames e outros traballos realizados polo Consello.

Aínda que o seu obxectivo fundamental é facilitar os últimos e máis fiables datos ós membros do Consello, o Centro de Documentación está aberto a calquera cidadán que necesite dispoñer de información especializada na realidade económica e social de Galicia, tanto nos soportes tradicionais como a través das novas tecnoloxías da informa-

ción. De feito, internet constituíuse nunha ferramenta básica para o traballo do departamento nestas últimas datas. Máis adiante faise unha referencia máis concreta á aplicación das novas tecnoloxías ó labor do Consello.

A unidade de **Administración da rede informática**, que depende directamente do Centro de Documentación, encárgase do deseño e mantemento dos sistemas de información e novas tecnoloxías do Consello, así como da crecente aplicación das mesmas ó traballo diario e mais á relación cos seus membros.

Unha vez consolidada a posta a punto da rede que permite conectar e operar dun xeito conxunto a tódolos ordenadores do CES, tanto dos seus servizos internos como os asignados ós distintos grupos representados no Consello, e rematadas as xestións para o acceso ás redes informáticas externas, tanto nacionais como internacionais –o que permite acceder desde as dependencias do CES a calquera base de datos ou arquivo informático de información existente no mundo–, os técnicos da unidade traballan na posta a punto dunha páxina web propia do Consello, que se integrará cos correspondentes enlaces nunha páxina común de tódolos Consellos Económicos e Sociais de España. As tarefas están xa moi adiantadas e a presentación desa web común está prevista para mediados do mes de xaneiro.

O traballo conxunto dos servizos informáticos e mailo Centro de Documentación permite que, dun xeito case que inmediato, os membros do Consello dispoñan da práctica totalidade da información existente sobre un determinado asunto obxecto de análise por parte do CES e, xa que logo, que as conclusións dos dictames, estudos ou informes que elaboren as distintas comisións e aprobe o CES estean

baseados nos datos máis fiables e actualizados, condición indispensable para a súa solidez.

Nestes intres, calquera membro do Consello pode solicitar do Centro de Documentación a información sobre calquera materia que necesite para os seus traballos. Desde este servizo, ben a través dos fondos propios ou ben, vía rede informática, nas bibliotecas o centros de datos de calquera parte do mundo, se lle facilitan as principais referencias existentes sobre o asunto. Deste xeito, os membros do Consello teñen á súa disposición as máis importantes bases de datos do mundo desde a pantalla dos ordenadores instalados nas oficinas dos seus grupos na sede do Consello.

Tódolos servizos destas catro áreas de actividade contan co **persoal auxiliar administrativo e informático** axeitado para un bo funcionamento. Asignado a cada un dos departamentos, a formación deste persoal e a súa polivalencia permite que a dita asignación sexa flexible e que, en momentos concretos e para responder a unha determinada carga de traballo nalgunha das áreas, poda reforzar ós seus compañeiros e abordar labores distintas das habituais.

VIII

actuacións 1999

Este apartado recolle os datos do informe que, en cumprimento do establecido no artigo 24. m) do Regulamento de Réxime Interno do Consello Económico e Social de Galicia, o Presidente presentou ó Pleno sobre tódalas actuacións levadas a cabo polos diferentes órganos colexiados do Consello en 1999. A parte final adícase a un balance sobre a xestión orzamentaria do exercicio. A actividade do Pleno e das distintas Comisións Sectoriais está organizada por sesións e, dentro das mesmas, dase conta dos puntos máis salientables dos tratados na orde do día.

O Pleno do CES reuniuse en 9 ocasións, cinco delas con carácter extraordinario. Ademais da actividade habitual, os membros tiveron a oportunidade de asistir á senllas comparecencias dos conselleiros de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda; Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria; e Economía e Facenda.

Pola súa banda, a Comisión Permanente celebrou 13 sesións ó longo do ano, mentres que, no caso das comisións sectoriais, as súas reunións foron as seguintes: CS-1, 14 sesións; CS-2, 9 sesións; CS-3, 2 sesións; e CS-4, 13 sesións.

De seguido relaciónanse polo miúdo estas sesións, organizadas polos órganos colexiados correspondentes.

Pleno

- Sesión 1/99

- Aprobación de modificación do Regulamento de Réxime Interno do CES-Galicia.

- Aprobación de comparecencia do Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

- Aprobación de elaboración dun Informe-Opinión sobre as repercusións da “Política Agraria Común, Axenda 2000” en Galicia.

- Aprobación de comparecencia do Conselleiro de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria.

- Sesión 2/99.- Extraordinario

Comparecencia do conselleiro de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria para explicar as liñas mestras das reformas do sector primario que prepara a Unión Europea e as súas repercusións para Galicia.

- Sesión 3/99

Aprobación do Anteproxecto de orzamento do CES-Galicia para o ano 2000.

- Sesión 4/99.- Extraordinario

Comparecencia do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda para dar conta ós membros do Consello das iniciativas e prioridades do seu departamento en materia de infraestructuras e, particularmente, do desenvolvemento do transporte ferroviario.

- Sesión 5/99.- Extraordinario

Comparecencia por propia iniciativa do conselleiro de Economía e Facenda para presentar o Plan Estratéxico de Desenvolvemento de Galicia 2000-2006 (PEDEGA).

- Sesión 6/99

Aprobación do *Informe sobre as áreas funcionais de Galicia-Área funcional de Ferrol*. Esta sesión celebrouse, por primeira vez na historia do Consello, fóra da súa sede de Santiago de Compostela. Os membros do CES trasladáronse á cidade de Ferrol para, unha vez aprobado, presenta-lo informe as autoridades locais.

- Sesión 7/99

Aprobación do *Informe sobre a situación sanitaria de Galicia*.

- Sesión 8/99

- Aprobación da *Memoria sobre a situación económica e social de Galicia* correspondente ó ano 1998.

- Aprobación de interpretación do art.38 do Regulamento de Réxime Interior sobre a explicación do voto nos traballos do Consello.

- Aprobación do *Dictame sobre o Plan Estratéxico de Desenvolvemento de Galicia 2000-2006 (PEDEGA)*.

- Delegación na Comisión Permanente da aprobación do *Dictame sobre o anteproxecto de Lei de medidas fiscais, orzamentarias, de función pública e actuación administrativa* (coñecida como Lei de acompañamento dos presupostos).

- Sesión 9/99

- Aprobación do *Dictame do Proxecto de Decreto polo que se regula o programa de atención ás persoas maiores dependentes: bono cheque asistencial.*

- Aprobación do *Dictame do anteproxecto do Decreto polo que se desenvolve no relativo á renda de integración social de Galicia e ás axudas para situacións de emerxencia social a Lei 9/91, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social, parcialmente modificada pola Lei 1/99, do 5 de febreiro.*

- Renovación total do Consello. A piques de se cumprí-los catro anos previstos pola lei como mandato dos membros do Consello, o Pleno abordou os primeiros trámites para a súa renovación.

Comisión Permanente

- Sesión 1/99

Aprobación do *Informe-Opinión sobre a execución dos plans de infraestructuras ferroviarias de comunicación de Galicia.*

- Sesión 2/99

Tramitación de modificación do Regulamento de Réxime Interno do CES-Galicia.

- Sesión 3/99

Inclusión na orde do día do Pleno 1/99 a proposta de

comparecencia do conselleiro de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria.

- Sesión 4/99

- Gabinete Técnico do CES-Galicia: cobertura de vacante e posibilidade de reforzo.
- Compensacións económicas por actividades de asesoramento ós membros do CES-Galicia para 1999.

- Sesión 5/99

- Comparecencia do conselleiro de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria. Convocatoria do Pleno e orde do día da sesión.
- Previsións para a emisión do dictame sobre o “Plan estratéxico de desenvolvemento de Galicia”:

- Sesión 6/99

- Proposta de asignación de becarios ó Gabinete Técnico.
- Participación na mesa redonda de cooperación interrexional en investimentos en infraestruturas, que eventualmente se celebre en Santander en setembro deste ano.

- Sesión 7/99

- Proposta inicial do Anteproxecto de orzamento do CES-Galicia para o ano 2000. (Compensacións económicas por participación dos membros nos órganos colexiados do Consello).
- Proposta de resolución da convocatoria de dúas bolsas de formación no Gabinete Técnico do CES-Galicia.

- Proposta de resolución do CES-Galicia sobre o conflito dos Balcáns.

- Sesión 8/99

Comparecencia do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

- Sesión 9/99

- Tramitación do informe sobre *A situación sanitaria de Galicia*.

- Tramitación do informe sobre *A área funcional de Ferrol*.

- Proposta de informe sobre unha nova área funcional de Galicia.

- Sesión 10/99

- Tramitación da *Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 1998*.

- Tramitación do *Dictame sobre o Plan Estratéxico de Desenvolvemento de Galicia 2000-2006 (PEDEGA)*.

- Sesión 11/99

- Tramitación do *Dictame sobre o Anteproxecto de Lei de medidas fiscais, orzamentarias, de función pública e actuación administrativa*.

- Xornada de presentación do *Informe sobre a situación sanitaria de Galicia*.

- Sesión 12/99

- Proposta de *Dictame do proxecto de Decreto polo que se regula o programa de atención ás persoas maiores dependentes: bono cheque asistencial.*

- Proposta de *Dictame do anteproxecto do Decreto polo que se desenvolve no relativo á renda de integración social de Galicia e ás axudas para situacións de emerxencia social a Lei 9/91, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social, parcialmente modificada pola Lei 1/99, do 5 de febreiro.*

- Comisión de selección dos bolseiros para o Gabinete Técnico.

- Sesión 13/99

- Proposta de informe sobre unha nova área funcional de Galicia.

- Petición de visita formativa.

Comisión Sectorial nº 1

- Sesión 1/99

Debate do Informe-opinión sobre a execución dos plans de infraestructuras terrestres de comunicación de Galicia.

- Sesión 2/99

- Debate sobre o Proxecto de Decreto polo que se regulan os incentivos á contratación laboral por reordenación do tempo de traballo que impliquen creación de emprego neto en Galicia.

- Índice de enquisa para a elaboración do Informe sobre o *Entorno para a creación de empresas e fomento das iniciativas empresariais en Galicia*.

- Sesión 3/99

- Proposta de enquisa para os empresarios e emprendedores de Galicia.

- Proposta de índice para o informe sobre o *Entorno para a creación de empresas e fomento das iniciativas empresariais en Galicia*.

- Debate do primeiro borrador do informe sobre *As áreas funcionais de Galicia. 1.- Área de Ferrol*.

- Sesión 4/99

Debate do segundo borrador do informe sobre *As áreas funcionais de Galicia. 1.- Área de Ferrol*.

- Sesión 5/99

Terceiro borrador do informe sobre *As áreas funcionais de Galicia. 1.- Área de Ferrol*.

- Sesión 6/99

Debate do terceiro borrador do informe sobre *As áreas funcionais de Galicia. 1.- Área de Ferrol*.

- Sesión 7/99

Debate do borrador a 7 de xullo do informe sobre *As áreas funcionais de Galicia. 1.- Área de Ferrol*.

- Sesión 8/99

Debate do Dictame sobre o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) 2000-2006.

- Sesión 9/99

Debate do borrador do Dictame sobre o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) 2000-2006.

- Sesión 10/99

Consideracións ó Dictame sobre o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) 2000-2006.

- Sesión 11/99

Debate das Consideracións ó Dictame sobre o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) 2000-2006.

- Sesión 12/99

Debate das Consideracións ó Dictame sobre o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) 2000-2006.

- Sesión 13/99

Debate da proposta de Dictame sobre o anteproxecto de Lei de medidas fiscais, orzamentarias, de función pública e actuación administrativa.

- Sesión 14/99

Debate da proposta de Dictame sobre o anteproxecto de Lei de medidas fiscais, orzamentarias, de función pública e actuación administrativa.

Comisión Sectorial nº 2

- Sesión 1/99

Debate do informe sobre *A situación sanitaria de Galicia*.

- Sesión 2/99

Debate do informe sobre *A situación sanitaria de Galicia*.

- Sesión 3/99

Debate do informe sobre *A situación sanitaria de Galicia*.

- Sesión 4/99

Debate do informe sobre *A situación sanitaria de Galicia*.

- Sesión 5/99

Debate do informe sobre *A situación sanitaria de Galicia*.

- Sesión 6/99

Presentación polo Director Xeral de Servizos Sociais, do proxecto de Decreto polo que se regula o programa de atención ás persoas maiores dependentes: bono cheque asistencial.

- Sesión 7/99

- Debate do proxecto de Decreto polo que se regula o programa de atención ás persoas maiores dependentes: bono cheque asistencial.

- Debate do anteproxecto do Decreto polo que se desenvolve no relativo á renda de integración social de Galicia e ás axudas para situacións de emerxencia social a Lei 9/91, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social, parcialmente modificada pola Lei 1/99, do 5 de febreiro.

- Sesión 8/99

- Debate do proxecto de Decreto polo que se regula o programa de atención ás persoas maiores dependentes: bono cheque asistencial.

- Debate do anteproxecto do Decreto polo que se desenvolve no relativo á renda de integración social de Galicia e ás axudas para situacións de emerxencia social a Lei 9/91, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social, parcialmente modificada pola Lei 1/99, do 5 de febreiro.

- Sesión 9/99

Debate do anteproxecto do Decreto polo que se desen-

volve no relativo á renda de integración social de Galicia e ás axudas para situacións de emerxencia social a Lei 9/91, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social, parcialmente modificada pola Lei 1/99, do 5 de febreiro.

Comisión Sectorial nº 3

- Sesión 1/99

Debate do informe-opinión sobre as repercusións para Galicia da nova Política Agraria Común-Axenda 2000.

- Sesión 2/99

Debate do informe-opinión sobre as repercusións para Galicia da nova Política Agraria Común-Axenda 2000.

Comisión Sectorial nº 4

- Sesión 1/99

Debate de apartados da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia do ano 1998.

- Sesión 2/99

Debate de apartados da Memoria sobre a situación económica e social do ano 1998.

- Sesión 3/99

Debate de apartados da Memoria sobre a situación económica e social do ano 1998.

- Sesión 4/99

Debate de apartados da Memoria sobre a situación económica e social do ano 1998.

- Sesión 5/99

Debate de apartados da Memoria sobre a situación económica e social do ano 1998.

- Sesión 6/99

Debate de apartados da Memoria sobre a situación económica e social do ano 1998.

- Sesión 7/99

Debate de apartados da Memoria sobre a situación económica e social do ano 1998.

- Sesión 8/99

Debate de apartados da Memoria sobre a situación económica e social do ano 1998.

- Sesión 9/99

Debate de apartados da Memoria sobre a situación económica e social do ano 1998.

- Sesión 10/99

Debate de apartados da Memoria sobre a situación económica e social do ano 1998.

- Sesión 11/99

Debate de apartados da Memoria sobre a situación económica e social do ano 1998.

- Sesión 12/99

Debate de apartados da Memoria sobre a situación económica e social do ano 1998.

- Sesión 13/99

Debate de apartados da Memoria sobre a situación económica e social do ano 1998.

IX

traballos 1999

Para completar o anterior resumo das actividades do Consello Económico e Social de Galicia, organizado por órganos colexiados, recóllense de seguido os distintos traballos abordados polo CES ó longo de 1998: a súa memoria anual, os informes, un informe-opinión e os dictames emitidos.

Memoria sobre a situación socioeconómica de Galicia

En cumprimento da súa normativa, que asigna ó Consello, entre outras, “a función de elaborar e remitir anualmente ó Consello da Xunta, a través da Consellería de Economía e Facenda, unha Memoria sobre a situación económica e social de Galicia, incluíndo, se é o caso, recomendacións ou orientacións sobre a política presupostaria da Comunidade Autónoma”, o CES-Galicia aprobou este ano a que é a súa terceira Memoria. Neste caso, a *Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 1998* foi aprobada, por unanimidade, polo Pleno na súa sesión 8/99, do 5 de outubro.

Nun constante esforzo por ofrece-los datos máis completos e fiables e, tamén, por facilita-la súa mellor comprensión, a Memoria vai variando lixeiramente a súa estrutura e o seu índice, ademais de ir introducindo novas fontes e cadros de información.

Neste caso, a Memoria estrutúrase en oito apartados para tratar de ofrecer unha panorámica completa, pero tamén sinxela e útil, da realidade socioeconómica de Galicia. Unha primeira parte adícase á situación económica xeral, co estudo da produción, de demanda e do sector exterior, xunto cunha análise da evolución dos tipos de xuro e da inflación.

Pola súa importancia capital, o emprego segue a contar cun apartado propio, no que se dá conta da evolución do mercado de traballo na comunidade autónoma, as políticas activas de emprego, faise un repaso da situación da economía social e apúntanse os principais parámetros do desenvolvemento das empresas.

O terceiro bloque da Memoria está adicado ó sector público, antes de entrar, nun cuarto apartado, na análise dos sectores productivos. O estudo dos sectores productivos é o máis profundo e voluminoso do traballo, xa que analiza en profundidade cada un dos sectores, con particular detenimento nos que son máis importantes para Galicia. No caso do sector primario, destaca o papel do subsector agro-gandeiro, do complexo mar-industria e das actividades da silvicultura-madeira. A industria estúdase en catro partes: a enerxía, os bens intermedios, os bens de equipamento e os bens de consumo. Despois de reflectir ós principais datos relacionados coa construción en 1998, a Memoria entra na descrición e análise dun sector particularmente complicado pola súa heteroxeneidade: os servizos. Aquí se recollen apuntamentos sobre comercio, turismo, comunicacións, transportes, servizos a empresas, servizos financeiros e servizos non destinados á venda.

Toda esta actividade económica está condicionada polo

desenvolvemento territorial. Por eso, o quinto bloque da Memoria fai fincapé neste aspecto, co estudio das infraestructuras galegas e as liñas principais nas que se move a investigación e mailo desenvolvemento tecnolóxico.

Os apartados seis e sete céntranse nos aspectos sociais da realidade galega. O panorama social recolle datos e análises sobre demografía, saúde, educación, cultura, vivenda, medio ambiente e consumo, mentres que o estudo da protección social céntrase na cobertura e financiamento da mesma e nas prestacións económicas, sanitarias e sociais que ofrece.

Como en traballos anteriores, cada un destes apartados remata coas consideracións dos membros do Consello sobre os aspectos máis salientables do mesmo.

O oitavo apartado é unha recopilación cronolóxica da actividade normativa correspondente a ese ano.

As análises da Memoria apoianse en máis de catrocentos cadros e táboas de datos estatísticos.

Informes

- Informe 1/99.- Estado de execución dos fondos estruturais na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 1997.

Publicouse como informe 1/99, co título *Estado de execución dos fondos estruturais na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 1997*, o texto da comparecencia do director xeral de Planificación Económica e Fondos

Comunitarios da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia diante do Pleno do Consello. A comparecencia tivo lugar o 24 de novembro de 1998, no marco da cooperación da Xunta de Galicia co CES.

A comparecencia produciuse a petición do Consello en cumprimento dunha das consideracións do seu informe 2/98, "Situación actual e perspectivas dos fondos estruturais europeos: a súa incidencia e distribución en Galicia". Nese traballo recollíase a necesidade de dar carácter permanente ó seguemento da incidencia económica para Galicia destes fondos europeos mediante a análise anual dos datos aportados ós comités de seguemento dos mesmos.

Neste senso, o informe recolle a comparecencia do director xeral e os datos aportados na mesma.

• Informe 2/99.- Informe sobre as áreas funcionais de Galicia. 1.- Área de Ferrol.

Despois dun proceso que se explica de seguido, o Pleno do CES-Galicia, reunido na cidade de Ferrol o día 6 de setembro de 1999, acordou, por unanimidade, aproba-lo seu informe sobre a área funcional de Ferrol.

A Lei 6/1995, de 28 de xuño, atribúe ó Consello Económico e Social de Galicia, entre outras, a función de elaborar por propia iniciativa informes ou estudos sobre a elaboración de planos ou programas dirixidos a favorecer-lo desenvolvemento económico e social de Galicia.

No ámbito destas funcións, o Pleno do Consello

Económico e Social de Galicia, na súa sesión 4/98, adoptou o acordo de proceder á elaboración dunha colección de informes sobre “*As áreas funcionais de Galicia*”, iniciándose con especial atención pola Área Funcional de Ferrol. Do mesmo xeito, acordouse que a realización destes informes se levara a cabo pola Comisión Sectorial nº1: *Economía, emprego e desenvolvemento territorial*.

O obxecto deste primeiro informe da colección é o de analiza-la situación da Área Funcional de Ferrol, as súas debilidades e fortalezas, presentando na parte final do mesmo unhas consideración consensuadas sobre as ameazas e oportunidades reais para o desenvolvemento e creación de emprego na área.

O alcance total do informe abarca as doce áreas funcionais nas que se agrupan as comarcas galegas definidas no Plan Comarcal de Galicia. A colección iníciase con este primeiro informe sobre a Área Funcional de Ferrol.

Respecto ó seu alcance xeográfico, a Área Funcional de Ferrol abarca as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, no extremo nororiental da provincia da Coruña.

A metodoloxía do Informe baséase en concreta-la análise da situación económica e social da Área Funcional de Ferrol, nos apartados de emprego, política de incentivos, sectores productivos, desenvolvemento territorial e panorama social.

As consideracións consensuadas dos membros do Consello sobre á análise efectuada pechan o contido do Informe. Entre elas, constátanse as claras oportunidades de desenvolvemento desta zona, futuro que pasa polo desen-

volveremento de proxectos industriais propios e a integración territorial para conformar unha verdadeira área metropolitana. Para impulsar esta vertebración, o informa fai referencia á execución das infraestructuras previstas e a potenciación e utilización de parques empresariais e polígonos industriais, ademais dun plan integral de competitividade do sector turístico.

Para a aprobación deste informe, dada a súa especificidade territorial, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia decidiu celebrar a súa sesión precisamente na cidade de Ferrol, para dar a coñecer as conclusións do informe *in situ* ás autoridades locais. Foi a primeira vez que o Pleno celebrou unha sesión fóra da sede do organismo en Santiago de Compostela.

• Informe 3/99.- A situación sanitaria de Galicia.

Aprobado por unanimidade do Pleno do CES-Galicia na súa sesión do 9 de setembro, o informe sobre A situación sanitaria de Galicia é unha descrición da realidade do sistema de saúde na comunidade autónoma, tanto público como privado.

O proceso de elaboración deste informe, pola complexidade do obxecto do estudo foi longo. No ámbito das súas funcións, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión 1/98, de 12 de xaneiro, adoptou o acordo de proceder á elaboración dun informe sobre a situación sanitaria de Galicia. Na mesma sesión acordouse que o traballo se levara a cabo pola Comisión Sectorial nº2: *Calidade de vida e protección social*.

O obxecto deste informe era triple. En primeiro lugar, tentaba reflectir a situación sanitaria de Galicia co fin de obter un coñecemento básico do sistema sanitario na comunidade autónoma e da súa complexidade.

En segundo lugar, o informe pretendía tamén dispor duns indicadores básicos para o seguemento permanente da situación da sanidade en Galicia.

E, como terceiro obxecto, o informe tentaba facilitar ós membros do Consello a elaboración das consideracións que estimen oportunas sobre eventuais reformas da normativa vixente que permitan o desenvolvemento do sistema sanitario de Galicia. Á vez, o coñecemento profundo da situación deberá servir para a elaboración dos dictames preceptivos que sobre os anteproxectos de lei que afecten ó dito sistema se lles soliciten por parte da Xunta de Galicia.

O primeiro apartado do informe concreta a descrición do sistema sanitario de Galicia nos seguintes aspectos:

- Marco normativo da sanidade pública e privada.
- Financiamento do gasto sanitario público
- Distribución territorial e funcional da sanidade pública
- Recursos humanos da sanidade pública: cualificación e formación.
- Recursos materiais da sanidade pública.
- O sector sanitario privado na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Actividade asistencial.
- Sistemas de información e instrumentos de xestión da sanidade pública.

Para o desenvolvemento do documento básico deste

apartado, o Consello contou coa colaboración de dous asesores externos da Universidade da Coruña.

Tódolos datos foron obtidos das institucións que oficialmente podían facilitalos. Deste xeito tentouse garantir a calidade e fiabilidade das series de datos dispoñibles. O alcance temporal das series supeditouse ó antedito criterio.

A Comisión Sectorial debateu o documento básico coa colaboración de asesores das organizacións representadas na mesma.

Como é habitual nos traballos do CES-Galicia, as consideracións consensuadas dos membros do Consello sobre os aspectos máis salientables do informe pechan o último apartado do mesmo. En definitiva, e entre outras, considérase que “o sistema sanitario público, como instrumento de garantía do dereito constitucional e subxectivo á protección da saúde e o seu desenvolvemento actual a través da Ley General de Sanidad, forma parte fundamental das políticas de protección social e está sólidamente enraizado no noso acervo cultural e na nosa estrutura económica e social.

As necesarias adaptacións do sistema sanitario público ás diferentes situacións históricas (económicas, sociais e culturais), para seguir mantendo a súa lexitimidade no cumprimento dos principios constitucionais de equidade, eficiencia e economía, deben instrumentarse a través do pacto social e do consenso político”.

Para dar un maior pulo e difusión a este informe organizouse unha xornada de presentación do mesmo á sociedade galega. Noutro apartado desta memoria de actividades fálase máis desta xornada.

• Outros informes

O CES-Galicia está a traballar xa na redacción doutros informes. O máis avanzado é o relativo ó *Entorno para a creación de empresas e fomento das iniciativas empresariais en Galicia*, encargado á Comisión Sectorial nº 1. Esta mesma Comisión traballa xa tamén na elaboración do segundo número da colección de informes sobre as áreas funcionais de Galicia, que estará adicado á *Área de Lugo*.

Informes-opinión

• Informe-opinión 1/99.- Sobre a execución dos plans de infraestructuras ferroviarias de Galicia.

Encetado a iniciativa propia en 1998, este informe-opinión foi aprobado por unanimidade o 11 de xaneiro de 1999 e se enmarca na previsión normativa que permite ó Consello Económico e Social dar a coñecer ó Goberno galego a súa opinión sobre a execución dos plans ou programas de especial transcendencia para o desenvolvemento económico e social de Galicia (artigo 5.2. parágrafo último da Lei 6/1995). O obxecto deste informe-opinión era, precisamente, darlle a coñecer ó Goberno galego as consideracións das entidades, organizacións e asociacións representadas no CES-Galicia sobre as prioridades básicas de actuación no transporte ferroviario de Galicia, diferenciando as actuacións na rede ferroviaria interior e a conexión con Portugal das actuacións na rede exterior: conexión Meseta-Europa.

Despois de citar distintos antecedentes, a opinión do CES fai referencia á necesidade de articular un Plan de Infraestructuras Terrestres de Galicia a medio prazo, co

obxectivo final de que Galicia acade un achegamento ós centros de actividade económica máis dinámicos do territorio español e do espazo europeo, e a necesidade tamén de moderniza-las obsoletas infraestructuras ferroviarias.

O CES remata coa plasmación das tres prioridades básicas de actuación neste ámbito:

“1.- Moderniza-la rede ferroviaria interior de Galicia, en liña co acordado polo Pleno do Parlamento de Galicia o 22 de decembro de 1995, cunha previsión de investimento de 173.523 millóns de pesetas do ano 1995 –cifra que probablemente sería necesario actualizar– nun período de 12 anos, que se debería concretar no futuro Plan de Infraestructuras Terrestres de Galicia.

2.- Impulsa-la conexión ferroviaria con Portugal, co obxectivo da vertebración da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

3.- Establece-la conexión exterior de Galicia coa rede española e europea de alta velocidade, que debe ser incluída nos plans de infraestructuras ferroviarias da Administración Central e que demanda, con especial urxencia, o inicio dos traballos da variante Norte-Noroeste”.

- O Consello comezou os traballos para emitir un informe-opinión sobre as repercusións para Galicia da nova Política Agraria Común. Axenda 2000. Aínda que a súa elaboración está xa nunha fase avanzada, non foi posible remata-la redacción deste informe-opinión neste ano, co que, presumiblemente, será aprobado no próximo período.

Dictames

Ó longo de 1999 o CES-Galicia emitiu catro dictames sobre distintos proxectos normativos da Xunta de Galicia. De seguido relaciónanse os mesmos e o proceso seguido para a súa emisión.

- Dictame 1/99.- *Sobre o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia 2000-2006.*

1.- Con data 23 de xullo de 1999, o conselleiro de Economía e Facenda da Xunta de Galicia remitiu ó Consello Económico e Social de Galicia un escrito no que comunicaba ó seu presidente ó acordo do Consello da Xunta de Galicia sobre a remisión do Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) ó CES para a emisión do dictame previsto no artigo 5.1.1 da Lei 6/1995, de 20 de xuño, de Creación do CES.

2.- No mesmo escrito, o conselleiro solicitaba comparecer ante o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia para explica-lo contido do PEDEGA, dada a importancia do plan para o futuro da comunidade autónoma. A comparecencia foi fixada pola Comisión Permanente para o día 29 de xullo e convocouse sesión extraordinaria do Pleno do CES.

3.- Segundo o previsto, o Pleno do CES celebrou a súa sesión 5/99 o día 29 de xullo cun único punto na orde do día: "Comparecencia por propia iniciativa do conselleiro de Economía e Facenda para presenta-lo Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) 2000-2006".

4.- O conselleiro de Economía e Facenda remitiu o 29

de xullo ó Consello Económico e Social de Galicia o documento do Plan Estratéxico de Desenvolvemento de Galicia (PEDEGA) (tomos I, II, III e IV), así como o Escenario de Evolución Presupostaria da Comunidade Autónoma de Galicia 2000-2006, para que se emita o correspondente dictame.

A documentación recibida foi remitida, en data 30 de xullo de 1999, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº 1, *Economía, emprego e desenvolvemento territorial*, competente para emitilo dictame por razón de materia. No escrito ó presidente da Comisión Sectorial, o presidente do CES lembráballe que o dictame tería que ser proposto ó Pleno na segunda quincena de setembro.

5.- O día 7 de setembro de 1999 o presidente convoca á Comisión Sectorial nº 1 para o xoves, 9 de setembro, co fin de inicialo traballo de reflexión sobre a proposta de dictame.

6.- Tra-lo estudio do texto remitido pola Consellería, a Comisión Sectorial 1º, na súa sesión 12/99, de data 30 de setembro, aprobou por maioría, co voto en contra da Confederación Intersindical Galega, a proposta de dictamen e remitiuna ó Presidente do Consello para a súa tramitación pola Comisión Permanente.

7.- A Comisión Permanente, na súa sesión 10/99, de 5 de outubro, tramitou o texto presentado e convocou ó Pleno para o día 15 de outubro.

8.- O Pleno do Consello, na súa sesión 8/99, celebrado en data 15 de outubro, acorda aprobar por maioría, con explicación do voto de UGT-Galicia, CC.OO. e maila CEG, co

voto en contra da CIG e a abstención do Consello Galego de Consumidores e Usuarios, o referido Dictame.

• Dictame 2/99.- Sobre o Anteproxecto de lei de medidas fiscais, orzamentarias, de función pública e actuación administrativa.

1.- Con data 5 de outubro de 1999, tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia oficio do Presidente da Xunta de Galicia, sometendo a consideración deste organismo o borrador do Anteproxecto de Lei de medidas fiscais, orzamentarias, de función pública e actuación administrativa, para que polo Consello se emitira dictame de natureza preceptiva que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello no intento de enriquece-lo texto normativo.

2.- O texto do borrador foi remitido, en data 7 de outubro de 1999, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº 1, economía, emprego e desenvolvemento territorial, competente para emitilo dictame por razón de materia. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno, deuse conta á Comisión Permanente da entrada do texto do borrador do anteproxecto.

3.- O día 7 de outubro de 1999 o Presidente convoca á Comisión sectorial nº 1 para o luns 18 de outubro, co fin de inicia-los traballos de reflexión sobre a proposta de dictame.

4.- En data 14 de outubro de 1999 a Consellería de Economía e facenda fai chegar ó CES unhas correccións de erros do anteproxecto, así como unha nova Disposición Adicional que se engade ó mesmo.

5.- En data 15 de outubro de 1999 celébrase o Pleno 8/99 que acorda delegar na Comisión Permanente do organismo a aprobación do dictame sobre o Anteproxecto de Lei de medidas fiscais, orzamentarias, de función pública e actuación administrativa.

6.- Tralo estudo do texto remitido pola Presidencia da Xunta de Galicia, a Comisión Sectorial nº 1, na súa sesión 14/99, de data 20 de outubro de 1999, aprobou a proposta de Dictame e remitiuna ó Presidente do Consello para a súa tramitación.

7.- En data 19 de outubro o Presidente do Consello convoca á Comisión Permanente do mesmo, a que reunida en sesión nº 11/99, en data 20 de outubro de 1999, e tras coñece-lo texto remitido pola Comisión sectorial acorda aprobar este Dictame.

• Dictame 3/99.- Sobre o proxecto de Decreto polo que se regula o Programa de Atención ás Persoas Maiores Dependentes: Bono Cheque Asistencial.

1.- En data 9 de novembro de 1999 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais, sometendo á consideración deste organismo o borrador do proxecto de Decreto polo que se regula o Programa de atención ás persoas maiores dependentes: Bono Cheque Asistencial, para que polo Consello se emita Dictame de natureza facultativa que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello no intento de enriquece-lo texto normativo.

2.- O texto do borrador foi remitido, en data 11 de novembro de 1999, ó presidente e ós membros da Comisión

Sectorial nº 2, competente por razón da materia para a elaboración da proposta de Dictame correspondente, sinalando o prazo máximo de un mes para a conclusión dos seus traballos, e establecendo como data da sesión de inicio do traballo o día 18 de novembro de 1999. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno, deuse conta á Comisión Permanente da entrada da solicitude de Dictame.

3.- En data 10 de novembro de 1999, o presidente do CES dá conta ó conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais da remisión da documentación recibida ó presidente da Comisión Sectorial nº 2, para a elaboración da proposta de Dictame.

4.- Na mesma data remítese copia da convocatoria ó director xeral de Servizos Sociais, xa que no punto 2º do orde do día figura a súa intervención ó obxecto da presentación do proxecto de Decreto, na sesión da Comisión antedita. Na mesma sesión comparece o subdirector xeral de Acción Social.

5.- Despois de varias sesións, en data 29 de novembro de 1999, celébrase nova convocatoria da Comisión Sectorial nº 2, sesión 8/99, na que se acorda aproba-la proposta de dictame, que se remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

6.- En data 30 de novembro de 1999, o presidente do CES convoca á Comisión Permanente do mesmo, que, reunida en sesión nº 12/99, de 2 de decembro, e tras coñecerlo texto remitido pola Comisión Sectorial, acorda convocalo Pleno do Consello para a aprobación do dictame.

7.- O Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión 9/99, celebrado o 10 de decembro, acorda aproba-lo Dictame.

• Dictame 4/99.- Sobre o proxecto de Decreto polo que se desenvolve, no relativo á renda de integración social de Galicia a ás axudas para situacións de emerxencia social, a Lei 9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social, parcialmente modificada pola Lei 1/1999, do 5 de febreiro

1.- En data 12 de novembro de 1999 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais, sometendo á consideración deste organismo o borrador do proxecto de Decreto polo que se desenvolve, no relativo á renda de integración social de Galicia a ás axudas para situacións de emerxencia social, a Lei 9/91, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social, parcialmente modificada pola Lei 1/1999, do 5 de febreiro, para que polo Consello se emita Dictame de natureza facultativa que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello no intento de enriquece-lo texto normativo.

2.- O texto do borrador foi remitido, en data 15 de novembro de 1999, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº 2, competente por razón da materia para a elaboración da proposta de Dictame correspondente, sinalando o prazo máximo dun mes para a conclusión dos seus traballos e establecendo como data da sesión de inicio do traballo o día 18 de novembro de 1999. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno, deuse conta á Comisión Permanente da entrada da solicitude de Dictame.

3.- En data 15 de novembro de 1999, o presidente do CES deu conta ó conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais da remisión da documentación recibida ó presidente da Comisión Sectorial nº 2 e o inicio dos traballos para a elaboración da proposta de Dictame.

4.- Na mesma data remítese copia da convocatoria ó director xeral de Servizos Sociais, xa que no punto 2º da orde do día da sesión da Comisión Sectorial figura a súa intervención ó obxecto de presentar as liñas directrices do proxecto de Decreto ós membros da mesma. Na sesión comparece tamén o xubdirector xeral de Acción Social.

5.- Despois de varias reunións, en data 2 de decembro de 1999, a Comisión Sectorial nº 2, reunida na sesión 9/99, acordou aprobar a súa proposta de dictame e remitiu-na ó presidente do Consello para a súa tramitación.

6.- Polo procedemento de urxencia, a Comisión Sectorial acorda entregarlle ó Presidente do Consello con 48 horas de antelación á data prevista para a celebración do Pleno, o texto elaborado a efectos da súa aprobación.

7.- En data 10 de decembro, celébrase a sesión 9/99, do Pleno do CES, que acorda aproba-lo Dictame.

A large, light blue 'X' graphic that serves as a background for the section header.

actividade institucional

O presidente e mailo secretario xeral son os principais protagonistas da actividade institucional do CES cando ésta se centra nas relacións cos membros da Xunta de Galicia, o Parlamento galego e os outros Consellos Económicos e Sociais. Neste ano, sen embargo, o Pleno tivo un papel protagonista polas comparecencias no mesmo de tres conselleiros para informar de aspectos relevantes da actividade dos seus respectivos departamentos. Ademais, en cumprimento das previsións normativas, tivo lugar a convocatoria dunha mesa específica de cooperación co obxecto de evacuar os informes requeridos pola normativa da UE respecto ó Plan de Desenvolvemento Rexional 2000-2006. Nela participaron membros do CES e estivo presidida polo director xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios.

Encontros

Como cada ano, o presidente e mailo secretario xeral do CES-Galicia participaron no encontro anual dos responsables dos Consellos Económicos e Sociais das Comunidades Autónomas, que se celebrou en Santander. Nesa reunión, analizáronse distintos aspectos da realidade cotián do labor dos CES e estableceuse o compromiso de dar un novo pulo á incorporación das novas tecnoloxías da información no traballo destes organismos e á creación dunha páxina web común.

Con este fin, ó longo do ano celebráronse distintas xornadas de traballo, que contaron coa participación de responsables e técnicos do CES-Galicia, nas que quedó practicamente definida a estrutura desa páxina web e os seus contidos –bases de datos comúns...–, así como as formas de enlazar á mesma os sitios que van poñendo en marcha os distintos Consellos. Neste senso, o CES-Galicia traballa na creación da súa propia páxina.

Ademais, o presidente do CES-Galicia mantivo unha fluída relación cos membros da Xunta de Galicia y co seu presidente, co que se reuníu en diversos actos institucionais.

Comparecencias

Ademais da habitual comparecencia do presidente do CES-Galicia no Parlamento de Galicia, diante da Comisión de Asuntos Económicos, para explica-los presupostos do organismo para o vindeiro exercicio, o ano 1999 destacou pola presenza na sede do Consello de distintos membros da Administración autonómica: os conselleiros de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria; Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda; e Economía e Facenda; ademais do director xeral de Servicios Sociais.

• Conselleiro de Agricultura, Pesca e P.A.

Celebrada o día 22 de abril, a comparacencia centrou-se na transcendencia que terá para Galicia o capítulo agrario da Axenda 2000, a máis importante reforma da política agraria común (PAC) desde a súa implantación a principios dos sesenta. O conselleiro falou polo miúdo dos distintos

aspectos que incidirán nos principais subsectores do ámbito primario e aportou os datos dispoñibles no seu departamento. En concreto, centrou a súa intervención na nova situación en que quedarán o leite e os produtos lácteos, a nova regulamentación prevista para o vacún de carne, a prevista OCM para o viño e, finalmente, refiriouse ó novo regulamento de desenvolvemento rural.

• Conselleiro de Política Territorial, O.P. e Vivenda

Os membros do Consello tiveron a oportunidade de atender ás explicacións sobre o esforzo que, en materia de infraestructuras e, máis en concreto, no eido do ferrocarril está a abordar esta Consellería.

A comparecencia tivo lugar na sala de plenos do CES o día 7 de xullo e na mesma o conselleiro explicou con detalle as actuacións xa feitas, as negociacións rematadas e os principais eixos de desenvolvemento do plan ferroviario para Galicia nos vindeiros anos, que se centrará, como xa recomendara o CES no seu informe-opinión 1/99, na modernización da rede interior, o impulso da conexión con Portugal e tamén a conexión exterior de Galicia coa rede de alta velocidade española e europea. No horizonte, un reto: que se poda chegar a Madrid desde Galicia (A Coruña e Vigo) nun tempo de catro horas.

• Conselleiro de Economía e Facenda

O Pleno do CES celebrou a súa sesión 5/99 o día 29 de xullo cun único punto na orde do día: "Comparecencia por propia iniciativa do conselleiro de Economía e Facenda para presenta-lo Plan Estratéxico de Desenvolvemento

Económico de Galicia (PEDEGA) 2000-2006”.

O conselleiro indicou que no documento se contén a política socioeconómica da Xunta para os vindeiros anos e anunciou que o gasto total previsto no Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) 2000/2006 acada os 1,948 billóns de pesetas. As estimacións macroeconómicas nas que se basea o PEDEGA falan dun crecemento do Valor Engadido Bruto (VEBpm) galego do 3,15% no período 2000/2003 e do 3,03% no trienio 2004/2006. A taxa de actividade vai pasar do 47,8% ó 49,8% no ano 2006, mentres que a taxa de paro (datos EPA) se reducirá do 17,3% ó 14,%. Por outra banda, os escenarios presupostarios da Xunta para o período 2000-2006 prevén que o conxunto dos gastos de capital acaden unha contía de 1,855 billóns de pesetas, o que suporá unha participación no VEB rexional do 4,76%.

Na súa intervención, o consellerio explicou ós membros do Pleno que no Plano Estratéxico de Desenvolvemento de Galicia plantéxanse tres grandes fins:

- O aumento do emprego de calidade.
- A elevación do nivel de calidade de vida dos galegos.
- Asegura-lo desenvolvemento sostido da base productiva rexional, o que implica unha estratexia axustada ás nosas potencialidades específicas.

De acordo con estas directrices, os catro ámbitos e obxectivos do PEDEGA concrétnanse en:

- 1.- Potenciar a competitividade do tecido productivo
- 2.- Potenciar a calidade e competitividade do territorio
- 3.- Potenciar o capital humano

4.- Aumentar a eficacia e a eficiencia do marco institucional e operativo.

Deste xeito, o PEDEGA vai ser, segundo explicou o conselleiro, o instrumento axeitado para continuar na traxectoria de converxencia que amosa a economía galega na última década diante da economía nacional e europea, ó obxecto de conseguir que a comunidade galega poida incorporarse ó que se deu en chamar “cohesión económica e social de Europa”.

Estes grandes eixos inclúen medidas tendentes a favorecer a competitividade das pequenas e medianas empresas, con políticas de apoio de carácter horizontal válidas para calquera empresa; accións en favor dos complexos productivos considerados prioritarios, coa finalidade de aproveitar as súas vantaxes comparativas; ou actuacións tendentes a facilitar unha axeitada vertebración do territorio, tanto dende o punto de vista da súa accesibilidade como dende a cohesión interprovincial.

Tamén están contempladas accións a prol dunha maior coordinación coa Rexión Norte de Portugal; medidas que favorezan un desenvolvemento económico respetuoso co medio ambiente; políticas de mellora na actual prestación de servizos sociais básicos ou na formación laboral que facilite o acceso ó mercado de traballo, así como un reforzamento de tódalas actuacións en materia de I+D, indicou o conselleiro.

Na súa intervención, o responsable de Economía e Facenda da Xunta refiriuse tamén ó marco financeiro e sinalou que da importancia económica das cifras de gasto no PEDEGA falan os escenarios presupostarios da Xunta para o

periodo de execución do Plano.

O conselleiro fixo tamén un repaso ás cifras correspondentes ó Plano de Desenvolvemento Rexional de Galicia (PDR). Nelas se recollen os investimentos susceptibles de seren cofinanciados por algúns dos mecanismos financeiros da Unión Europea aplicables ás comunidades do Obxectivo 1. A diferenza entre o volume de gasto do PEDEGA (1,948 billóns) e os gastos do PDR (1,785 billóns) explícase pola non inclusión no PDR dos gastos en materia de vivenda (128.447 millóns) e cultura (34.312 millóns).

As explicacións do conselleiro, xunto coa documentación facilitada, serviron de base para a elaboración do dictame 1/99 do CES-Galicia.

Mesa sectorial

No verán deste ano tivo lugar a convocatoria dunha Mesa sectorial específica de cooperación para evacuar os informes requiridos pola normativa de Unión Europea respecto ó Plan de Desenvolvemento Rexional (PDR) 2000-2006, que reuniu a membros do Consello e representantes da Administración autonómica, presididos polo director xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios da Xunta de Galicia.

A primeira sesión da Mesa foi convocada para o 27 de xullo e nela, trala presentación por parte do presidente do PDR, procedeuse a un debate das consideracións presentadas ó Plan polos membros da mesma.

O día 2 de agosto convocouse unha segunda sesión,

para estudia-la proposta da Xunta de Galicia ás consideracións das organizacións económicas e sociais representadas no CES sobre o PDR. Foi necesaria unha terceira sesión, que se celebrou o 9 de agosto, para finalmente aprobar un informe sobre o PDR de Galicia ós efectos da súa tramitación ante a Unión Europea.

Declaración sobre o conflito nos Balcáns

O Consello emitiu unha declaración institucional contra a confrontación bélica na zona dos Balcáns e a prol dunha solución pacífica para calquera conflito.

Convenio Zona Franca

O acordo asinado o ano anterior entre o CES-Galicia e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para utilizar os datos empresariais recollidos no servizo de información Ardán volveu a ser utilizado en 1999. Un ano máis, a memoria socioeconómica do Consello inclúe análises baseadas na minuciosa información sobre os distintos sectores productivos que recopilan os técnicos de Ardán.

Do mesmo xeito, e nunha ampliación desta colaboración, a colección de informes sobre as áreas funcionais de Galicia benefíciase tamén destes datos territorializados. A primeira mostra foi o informe sobre a área de Ferrol. Por primeira vez, publicáronse datos económicos sectoriais con datos comarcalizados. Nestes intres, Ardán está xa a traballar coa información empresarial correspondente á área de Lugo, vindeiro informe previsto polo Consello.

Colaboración co Igape e mailo IGE para o informe sobre as empresas galegas

A ampliación das entidades colaboradoras do Consello incluíu ó Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e mailo Instituto Galego de Estatística (IGE), que están a traballar nunha parte do borrador para o informe do Consello sobre o Entorno para a creación de empresas e fomento das iniciativas empresariais en Galicia.

XI

actividade administrativa

Este apartado engloba o traballo realizado polo Gabinete de Presidencia, os servizos administrativos xerais do Consello e mailo Centro de Documentación.

Gabinete da Presidencia

O Gabinete da Presidencia coordena as actividades de comunicación do CES, tanto internas –de cara ós membros do Consello– com externas, diante das institucións e dos medios de comunicación. No caso da imaxe externa, o interlocutor é sempre o presidente. Dentro das tarefas de exteriorización das súas actividades, o Gabinete asume tamén a responsabilidade das publicacións do CES, a imaxe impresa dos distintos traballos que aborda o Consello.

Neste ano que remata consolidáronse as canles de comunicación efectiva entre os membros do Consello e os distintos departamentos do mesmo. Como novidade, estase a traballar para implementa-las posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías da información e as comunicacións en rede para lograr un contacto aínda máis rápido, sinxelo e eficaz. A utilización do correo electrónico para facer chegar as convocatorias, a documentación e calquera tipo de datos ós membros das correspondentes comisións superou xa unha primeira fase de probas e estase a implantar no traballo diario. Aínda non é o único sistema, en espera de que

tódolos membros do Consello estean en condicións técnicas de recibilo.

Na vertente da comunicación externa, a base da política de exteriorización é a publicación dos traballos do Consello e a súa remisión ós líderes de opinión do entorno socioeconómico de Galicia (cargos políticos, parlamentarios, profesores universitarios...) e a institucións de fóra de Galicia (como outros CES, comunidades galegas no exterior...). Unha vez aprobado un informe, a súa exteriorización comeza cunha rolda de prensa de presentación ós medios de comunicación, que serve para que o conxunto da sociedade teña noticia da opinión do Consello sobre o asunto de que se trate. De seguido, faise un envío da publicación a institucións e persoeiros seleccionados.

Neste ano, aprobouse o primeiro número dunha colección de informes sobre as áreas funcionais de Galicia. “A área funcional de Ferrol”, aprobado como informe 2/99, foi presentado ós medios de comunicación precisamente na cidade ferrolá e coa presenza dos alcaldes da zona. Era a primeira vez que o Consello celebraba unha sesión plenaria fóra da súa sede –o Pleno tivo lugar tamén en Ferrol– e considerouse oportuno que foron os medios locais os primeiros en coñecer in situ ás consideracións que facía o CES-Galicia sobre a área. A convocatoria tivo unha boa acollida e a repercusión da nova nos medios rematou transcendendo ós límites locais para ter cabida na información de tódolos medios en Galicia (prensa, radio e televisión).

Para a difusión do informe 3/99, “A situación sanitaria de Galicia”, o Consello decidiu ir un pouco máis aló. Ademais da correspondente presentación ós medios de comunicación –que foi resolta co envío da publicación ós medios de comu-

nición, que recolleron parte do seu contido nas súas páxinas ou espacios–, organizouse unha xornada de presentación para a sociedade galega en xeral e, en particular, para os profesionais sanitarios. O esforzo de difusión concretouse no envío máis de cinco mil dípticos informativos e invitacións cursadas a tódolos colectivos relacionados coa sanidade en Galicia –profesionais do Sergas, hospitais e clínicas, centros de saúde, Concellos, Deputacións, empresas de ambulancias, agrupacións de consumidores e usuarios...– A resposta foi satisfactoria: unhas catrocentas persoas asistiron, o 11 de novembro no Palacio de Congresos de Santiago, á xornada de presentación, que contou coa presenza do conselleiro de Sanidade, encargado de pechalo acto.

No mesmo, e logo dunha presentación do informe na que participou o asesor que traballou para o CES na súa redacción, interviñeron os membros da Comisión Sectorial encargada do traballo e os asesores das organizacións que compoñen a mesma, así como representantes da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais. Entre todos aportaron unha visión moi completa da situación e repasaron distintos aspectos salientables do informe.

Como cada ano, tamén tivo unha boa acollida na prensa a publicación da “Memoria sobre a situación económica e social de Galicia”, correspondente neste caso a 1998. O seu contido foi de interese informativo en tódolos medios de comunicación de Galicia, que recolleron algunhas das consideracións aportadas polos membros do CES neste traballo.

Unha parte importante das actividades do Consello cara ó exterior a constitúe a promoción das tarefas do

Centro de Documentación. Neste eido, o esforzo centrouse na relación cos outros CES para poñer en marcha unha páxina web común. Deste asunto fálase noutro apartado deste informe.

Departamento de Xestión

No terreno administrativo, por lei, o CES é un ente de dereito público que se atopa encadrado dentro da Administración Institucional, categoría onde se inclúen diferentes entes de carácter instrumental e diversa natureza creados para o cumprimento de determinadas funcións en réxime de autonomía orgánica e funcional.

As contas do Consello inclúense nos presupostos xerais da Comunidade Autónoma, como Sociedade Pública adscrita á Consellería de Economía e Facenda.

O Departamento de Xestión asume as seguintes funcións:

- Asesoramento xurídico en materias administrativas.
- Departamento de contratación e asuntos xerais.
- Contabilidade e control presupostario.
- Xestión do persoal e retribucións.

Os aspectos económicos da xestión do Consello resúmense no Balance de Situación do CES a 31 de decembro de 1999, que se recolle no seguinte cadro:

BALANCE DE SITUACIÓN A 31/12/99	
ACTIVO	
Elementos de transporte	2.595.211
Mobiliario e material	22.519.845
Equipos procesos informa.	10.817.017
Amortización inmob. mater.	-6.406.782
Contas financeiras	23.773.711
Total activo	53.299.002
PASIVO	
Patrimonio	35.932.073
Facenda Pública acreed. por IRPF	2.578.130
Dereitos pasivos	51.216
Seguridade Social acreedora	177.447
Muface	11.212
Ingresos anticipados	14.548.924
Total pasivo	53.299.002

Centro de Documentación

A actuación do Centro de Documentación do CES-Galicia no ano 1999 estivo centrada, xunto co traballo diario de obtención de información para o labor dos órganos colexiados do Consello, na optimización do uso das novas tecnoloxías, tanto na xestión documental como na relación cos outros CES.

Base de datos común dos CES

Nos primeiros días do ano 2000 presentárase a primeira base de datos común dos Consellos Económicos e Sociais –os autonómicos e o do Estado–, consultable a través de Internet e que se aloxará no servidor do Consejo Económico e Social de España.

Neste proxecto, promovido, entre outros, polo CES-Galicia, participaron dun xeito activo os técnicos do Centro de Documentación, asistindo ás diferentes reunións e grupos de traballo que tiveron lugar ó longo do ano, ata chegar á definitiva materialización do mesmo.

A páxina web común conta polo dagora cunha base de datos que recolle tódolos traballos que desenvolven os distintos Consellos. Cada CES envía periodicamente os datos relativos a cada unha das súas publicacións ou ós traballos que leva a cabo na actualidade, co que a base atópase actualizada permanentemente.

Deste xeito esta base de datos permite:

- coñecer cales son as áreas de traballo de cada CES nun momento determinado e cales son os seus temas de interés.
- saber se algún CES ten dictaminado ou informado anteriormente sobre algunha materia concreta e como o levou a cabo.
- coñecer, se o texto completo do informe se atopa disponible, cal é a situación económica e social de cada unha das comunidades autónomas correspondentes.

Dentro da base de datos, as búsquedas de información pódense efectuar por diversos campos: CES, tipo de traballo (dictame, informe, memoria económica e social, memoria de actividades, etc.), materia (a partir dunha lista de descriptors que foi elaborada por un grupo de traballo específico), data, etc. O programa de consulta tamén permite a combinación dos diferentes campos, para facilitar as búsquedas.

Aproveitando ás vantaxes que a rede permite, cada un dos rexistros ofrece, en caso de que o CES produtor posúa un sitio web propio, un enlace (*link*) de acceso á páxina web dende a que se pode descargar o texto completo da publicación.

Coa aparición definitiva da base de datos completárase o primeiro traballo en común dos servizos de documentación e información dos CES existentes no estado, proxecto no que na actualidade participan case que tódolos CES autonómicos e o CES estatal, e que deixa as súas portas abertas á incorporación doutros Consellos.

A continuación lóxica deste proxecto, que os técnicos do CES-Galicia van propor nas seguintes reunións de traballo, pasa por crear unha comunidade virtual de técnicos dos Consellos, que sirva de foro de reunión e intercambio de información activo, aproveitando tódalas facilidades que as redes de telecomunicacións van seguir ofrecendo.

Sítio web do CES-Galicia

O longo de 1999 encetouse a tarefa, e durante o primeiro trimestre do 2000 rematarán tamén os traballos da páxina web do Consello Económico e Social de Galicia.

A intención desta actividade é acadar que as páxinas web non sexan soamente unha fonte de información corporativa sobre o Consello, o seu significado e os seus principais datos, senón que poida aportar verdadeiro valor engadido ás persoas que as consulten, ofrecendolles información ó día sobre as actividades do CES (calendario de reunións, materias sobre as que se está a traballar actualmente), datos actualizados sobre a realidade económica e social da comunidade autónoma, acceso a determinadas bases de datos do Centro de Documentación, etc.

Biblioteca e Hemeroteca do CES-Galicia

Na actualidade éstase a rematar os traballos conducentes á reclasificación dos fondos bibliográficos existentes na Biblioteca do CES-Galicia.

O obxectivo deste traballo é modificar a clasificación dos fondos coa que se traballaba anteriormente e, dunha banda, facela máis asequible ós seus usuarios (principalmente ó persoal técnico e membros do Consello) e, doutra, adaptala dun xeito máis axil ós temas cos que o CES traballa.

Tamén se pretende cambiar na súa totalidade a disposición física dos fondos existentes en ámbalas dúas estancias (Biblioteca e Hemeroteca) e mellorar a sinalización dos mesmos para facilitala súa localización.

En relación con esta actividade, se está a traballar cos fondos bibliográficos duplicados, para os que se deseñou un programa de intercambio e ofrecemento dos mesmos a outros organismos e institucións.

Base de datos PRENSA

Completáronse ó longo de 1999 os principais traballos de actualización da base de datos, que na actualidade contén máis de 7.000 referencias e imaxes de máis de 25 publicacións de interés para a economía e sociedade galegas.

A base de datos atópase actualizada ó día

Aproveitando a actualización da base de datos, deseñouse unha lista de descritores ou materias, adaptada ás características da mesma base e ás das demais bases de datos do Centro de Documentación, que permite unha maior fiabilidade nas buscas. Nos primeiros meses do ano 2000 realizáranse os traballos de asignación deses descritores ás referencias de parte da base de datos, case seguramente ás referencias con data posterior ó 1-1-1998.

Tamén estánse a mellorar ás funcións de búsqueda e consulta da base así como as pantallas de presentación de resultados, para a súa inclusión definitiva na Intranet do CES e posteriormente na páxina web.

Gabinete Técnico

Co obxecto de completa-la dotación do Gabinete Técnico do Consello, en 1999 iniciouse o proceso de selección dun novo membro do mesmo. Por resolución de 3 de maio aprobouse a convocatoria de probas selectivas para o ingreso no Gabinete Técnico dun novo experto en materia socioeconómica, publicada no DOG con data 18 de maio.

O proceso xa está en marcha e resolverase ó longo do ano 2000. De feito, unha resolución publicada no DOG do día 4 de agosto convoca ós opositores ó primeiro exercicio para o vindeiro 6 de marzo.

Nos últimos meses do ano completouse tamén o proceso de selección para cubrir dúas becas de formación no Gabinete Técnico do CES, convocadas a través dunha resolución publicada no DOG o 11 de novembro. Despois de valorados os distintos aspirantes, a comisión de selección deu por resolto o proceso nunha resolución do 20 de decembro. Os dous becarios incorporáranse ás súas funcións o primeiro de febreiro.

XIII

previsiones 2000

Rematada a primeira “lexislatura” do Consello Económico e Social de Galicia, catro anos que serviron para consolida-lo seu carácter de órgano consultivo da Xunta de Galicia e de expresión para as forzas económicas e sociais da comunidade, o CES aborda neste vindeiro ano unha nova andaina chea de ilusión.

As distintas Comisións Sectoriais seguen a traballar na elaboración de distintos informes, ademais de prepararse para dictaminar sobre os anteproxectos de lei que teñan entrada nestes vindeiros meses. O novo Pleno do Consello será xa o encargado de aprobar estes traballos que xa están en marcha.

No eido administrativo, o Centro de Documentación ten practicamente rematada a páxina web do CES-Galicia, que se integrará nunha páxina común do tódolos Consellos Económicos e Sociais de España. Nesa páxina estará a disposición dos membros do CES e dos cidadáns en xeral unha base de datos que incluírá tódolos traballos elaborados polos distintos Consellos, con referencias y enlaces entre todos estes organismos. A complexidade do labor abordado e a necesidade de coordinación entre os CES das distintas Comunidades Autónomas retrasou a definitiva posta en marcha deste iniciativa, que pretende situar ó Consello na primeira liña das novas tecnoloxías da comunicación para facilitar o acceso dos cidadáns á información.

O Centro de Documentación traballa tamén para seguir coa publicación de novos números da colección “Cadernos” e do seu “Boletín de novidades”.

Por outra banda, desde o Gabinete da Presidencia tenta poñerse en funcionamento un sistema de comunicación cos membros do Consello que permita elimina-lo papel para pasar ó correo electrónico. Aínda en periodo de probas, o Consello busca tamén introducir no seu funcionamento cotián as vantaxes das novas tecnoloxías da información. Polo de agora, non tódolos membros teñen acceso a unha conta de *e-mail*, pero os que dispoñen da mesma están xa a recibir as convocatorias e a documentación que acompaña ás mesmas por esta vía.

Informes en fase de elaboración

- Informe sobre o entorno para a creación de empresas e fomento das iniciativas empresariais en Galicia.

A Comisión Sectorial nº 1 segue cos traballos para a elaboración dun informe por propia iniciativa sobre o entorno para a creación de empresas e fomento das iniciativas empresariais en Galicia, labor xa encetada en 1999. Unha ambiciosa enquisa aportará información de primeira man para un mellor coñecemento da situación dos novos empresarios e dos que se arriscan a montar novas actividades económicas na comunidade.

Para este traballo, o Consello conta tamén coa colaboración do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e o IGE, que aportan a súa exhaustiva documentación sobre a realidade empresarial de Galicia.

- Informe sobre as áreas funcionais de Galicia.
- 2.- Área de Lugo.

O primeiro número da colección de informes do CES sobre as áreas funcionais de Galicia, dedicado á área de Ferrol, tivo unha gran acollida. Para este ano, o Consello ten decidido aborda-la redacción do segundo informe, correspondente á área funcional de Lugo. Este traballo do Consello, que se realiza por propia iniciativa, foi encargado tamén á Comisión Sectorial nº 1. En virtude do convenio asinado co Consorcio da Zona Franca de Vigo, esta nova entrega disporá tamén da información empresarial sectorializada e comarcalizada, unha das máis significativas aportacións desta serie.

Como no caso anterior, a área funcional de Lugo, que comprende boa parte das comarcas da provincia (agás as Mariñas e as terras limítrofes con Ourense), será analizada pormenorizadamente: describiranse aspectos fundamentais como a situación económica e o emprego, os sectores productivos máis significativos e o desenvolvemento territorial, sen esquecer o panorama social da zona.

- O Consello comezou os traballos para emitir un informe-opinión sobre as repercusións para Galicia da nova Política Agraria Común. Axenda 2000. Aínda que a súa elaboración está xa nunha fase avanzada, non foi posible remata-la redacción deste informe-opinión neste ano, co que, presumiblemente, será aprobado no próximo período.

